

## O traballo xornalístico de Manuel María: xornalismo e poesía

MIGUEL A. MATO FONDO

Non podo silenciar a emoción que me punteaba nestas datas previas ao congreso. Eu pensaba que algo así tardaría anos en acontecer. Polo tanto participo neste congreso desde a nostalxia polo amigo e o poeta.

“Os poetas da miña tribu son expulsados da nostalxia para sempre”, ten dito Lino Braxe nos seus versos, mais no noso caso non será tal. Poida que aconteza noutros interiores, mais non no noso.

“Leemos, andamos, viaxamos, soñamos” di Manuel María nun artigo de 1994. Son palabras que non encadran nada mal a perspectiva do seu traballo xornalístico. Acaso lle cadraría outra: amamos. Pecharía o círculo: ler, andar, viaxar, soñar, amar. É a propia vida que se expresa nelas.

O noso interese por Manuel María, que vén de lonxe, está motivado non só polo espazo que, como poeta, ocupa na poesía galega contemporánea, o que resulta evidente, nen tampouco pola amizade compartida que el nos facía sentir decote presente, mais tamén pola defensa e fidelidade á palabra, necesario e insubstituíbel vehículo de toda relación humana, sendo a palabra poética en particular quen establece os termos da relación entre as xentes de diferentes épocas, fondo humanismo que no noso poeta é vocación vital, emoción e destino.

A palabra aparece, e non só na obra de Manuel María, como elemento solidario da humanidade. Ela, concordamos co poeta, é quen nos fai máis limpos e univers-

ais, enchendo a nosa existencia dunha emoción fonda e antiga. Mais a palabra tamén é un elemento identificador colectivo, referencia útil e necesaria da historia dun pobo, e aquí é onde a obra de Manuel María cobra un forte acento social, de denuncia e reivindicación, que abranxe unha parte do seu ciclo vital e histórico. Implicación política e social, fundamente humana e intimista. Poesía que expresa vivencias íntimas, estéticas, éticas.

Un aspecto interesante que podemos observar en Manuel María, como tamén aparece nítida en Álvaro Cunqueiro, e non será o único vencello entre os dous poetas, é a íntima relación entre os xéneros. Poderíamos facer unha lectura comparada entre obra poética, dramática e xornalística, e observaríamos como existe entre elas unha clara correspondencia temática e cronolóxica. Hai unha poesía da paisaxe (*Terra Chá* e os que demos chamar poemarios heterónimos: *A luz resucitada*, *Ritual pra unha tribu capital de concello I*, principalmente) e un teatro da paisaxe (*Auto do pescador de cana*, *Brevísimo auto do outono*, *Auto do Regato do Cepelo*); poesía social (*Cantos rodados pra alleados e colonizados*, *Remol*, *Odes nun tempo de paz e de alegría*, etc.) e teatro social e de referencia histórica, tanto aquel de urxencia no panfleto (*A Farsa do Bulubú*, *Entremés da OTAN*, etc) como as tres obras de carácter histórico (*Unha voz foi o trebón*, *A lúa vai encoberta*, *Abril de lume e ferro*); hai, finalmente, unha poesía reflexiva de carácter mítico (*Oráculos para cavaliños do demo*, *A Primavera de Venus*) e unha obra dramática correspondente, *Edipo*. E a carón delas, nos temas e na cronoloxía, toda a súa obra xornalística que recolle motivos, expándeos, matízaos, nun constante paralelismo.

Queremos valorar a obra de Manuel María procurando afastármonos convenientemente dos tópicos cos que a miúdo se deu en explicala, como o dun exclusivo carácter labrego ou dentro de certa valoración etnográfica, a súa visión como un caso illado sen relación co contexto literario galego ou a consideración case exclusivamente política e de compromiso social. Son olladas limitadoras, reduccionistas, de horizontes recortados, embora as visións, labrega, etnográfica e política, formen parte da obra do noso autor dentro daqueles espazos e momentos que lle correspondeu vivir.

Manuel María mantivo unha longa e fecunda e regular colaboración xornalística desde os anos cincuenta. Non hai pola nosa banda a intención de someter aos presentes a unha revisión pormenorizada do número de artigos e dos medios que frecuentou Manuel María ao longo da súa vida xornalística, que se estende o que a súa vida creadora. Abonda saber que mantivo colaboracións asiduas tanto en xornais como en revistas de asociacións culturais, ou da emigración: *El Ideal Gallego*, *Faro de Vigo*, *La Noche*, *El Pueblo Gallego*, *La Región*, *La Voz de Galicia*, *Santiago* (revista), *El Progreso*; *Destino* (Barcelona); *Lugo*, *Opinión Gallega e Galicia* (Bos Aires), *Vida Gallega*, *El Progreso*, *Destino*, *Galicia de Bos Aires*, *Xermolos* (Guitiriz); *Sementeira* (Vigo);

<sup>1</sup> Para calquer consulta sobre a obra poética de Manuel María, remitírmolos a *Obra poética completa*, edit. Espiral Maior, 2001

*Parolar de Galicia* (Barcelona); *Esmorga, Irmandade* (Xenebra); *Xerme* (Caracas); *A Peneira*; *Can sen dono, Tabeirós Terra*; *Amencer*; *Dorna*; *A Xanela*.

De todo este volume de colaboracións, dúas series destacan pola regularidade mantida ao longo dos anos: a que mantivo co semanario *A Nosa Terra*, baixo o título “Andando a terra”; e a de *El Correo Gallego*, esta baixo máis dun título, aínda que o encabezou máis traballos foi “Homes, feitos e palabras”. A denominada “Andando a terra”, no semanario *A Nosa Terra*, mantida até 1989 con 283 colaboracións; e a colaboración para *El Correo Gallego* debe comezar o 25 xullo 1989, prolongándose de xeito regular, con leves lagoas, e baixo diferentes títulos, até o momento final.

Con frecuencia se ten presentado a obra xornalística de Manuel María como unha volumosa especie de enciclopedia popular, da que nas súas páxinas encontraríamos saberes de etnografía, antropoloxía, literatura, biografía, paisaxe... O ano 1990 publicouse unha antoloxía de artigos publicados na serie “Andando a Terra”, entre os anos 1977 e 1987, na que compartimos responsabilidades de escolla con Pilar García Negro. Diciamos no seu limiar que “Andando a terra” era “un coñecimento de lugares, xentes, costumes e paisaxes asentado na propia vivencia e na experiencia dun viaxeiro curioso e lírico que contempla o mundo non con ollada fría e distante, senón moi achegado sentimentalmente ao que describe e evoca, para tender unha ponte simpática entre el e o lector”.

O artigo de Manuel María presenta un estilo que poderíamos considerar desde os seguintes aspectos:

Actitude erudita e emocionada, non exenta de intención pedagóxica.

Cuidado exquisito da palabra. Recuperazón léxica e gosto pola innovazón, evocando, recreando palabras esquecidas de oficios, etc.

Dominio do ton poético, especialmente nos artigos adicados á paisaxe e aos seus elementos, que fan deles auténticos poemas en prosa.

Fondo intimismo e tensión nostálxica.

Innecesario carácter de urxencia. Manuel non se submete tanto ao cotián, á referencia urxente. Hai un dominio case absoluto da nostalxia, o matiz, o elexíaco, a celebrazón.

Unha estrutura propia, que combina a perspectiva histórica coa reflexión íntima, a cita erudita e o recordo a miúdo, como temos indicado anteriormente, desde a nostalxia.

“Andar a terra”. “Homes, feitos e palabras”. Os títulos das súas longas series permiten contemplarmos a riqueza e variedade dos temas, sendo máis diversos nas series de *El Correo Gallego*, e mantendo de xeito máis uniforme a perspectiva viaxeira propia da serie de *A Nosa Terra*: arte, botánica, ecoloxía, política, poesía, relixión, socioloxía, teatro, lugares, testemuños de xentes, retratos de vellos cafés, tabernas, gastronomía, festas populares, costumes, tradicións. Tamén, e de xeito especial, a literatura e as viaxes. Referencias abundantísimas a romarías, cidades, monumentos, paisaxes. Todo ese aporte erudito, curioso e itinerante, pertence de cheo ao poeta

viaxeiro. Hai unha continua homenaxe a esa marabilla que é o mundo, do que o noso poeta é moi parcial, por utilizar unha feliz expresión súa.

Mais diríamos que son os grandes temas da súa poesía os que determinan a obra xornalística. A relación entre poesía e artigo xornalístico é estreita, como acontecía entre poesía e teatro. Os temas repítense, van e veñen en perfecta sincronía, obedecendo a unha orde universal que o poeta domina: intimismo, paisaxismo, alento elexíaco, o amor en todas as súas manifestazóns.

Non fica excluída a protesta social, o sentido reivindicativo; a preocupación polo idioma e a súa normalización ocupa un bon número de artigos. Non anda lonxe tampouco a actitude reivindicativa ante a degradazón da paisaxe e o abandono do mundo rural tradicional, nun paralelismo notorio coa súa obra poética. Recordemos poemas como “Desterro” (*Oráculos para cabaliños do demo*, 1986) onde se fai evidente a consciencia dun destino triste para a patria. Aquí está presente o pesimismo dos últimos poemarios dos oitenta. Agora di<sup>2</sup>: “Toda Galicia semella un outono triste, longo, xordo, gris, devalando cara un inverno eterno”. Aínda que o artigo veña traído ao lor duns resultados electorais non propicios para a súa opción política, non nos debe enganar. Manuel María é poeta, e a súa é a visión da Galiza nese camiñar polas ribeiras da renuncia, do non ser, do depoimento, do abandono do idioma e da cultura tradicional.

Neste paralelismo entre as liñas temáticas dominantes na obra poética e na xornalística hai, temos dito, unha curiosa coincidencia con Cunqueiro, quen escribía contos, poemas, pezas teatrais e artigos sobre un mesmo tema e ao mesmo tempo, nun proceso de creación total. En Manuel María hai coincidencia cronolóxica e temática entre poesía, peza teatral e artigo. Este paralelismo está non só nos temas, senón nas referencias, nas liñas dominantes, no estilo moi poético do artigo, nas evocazóns. A seguir veremos algunhas, certamente as máis significativas, e poderemos ver como as grandes liñas da súa obra, intimista, social, paisaxística, teñen o seu lugar perfecto nos artigos de prensa.

#### A) DE LIBROS E AUTORES: EVOCACIÓN DOS POETAS

Nos artigos de Manuel hai moito de elexíaco, de homenaxe e de celebración. O recordo de amigos poetas ou artistas mortos, a valoración que fai da obra e da figura, está sempre presente e ocupa un lugar principal. Está presente, queremos dicir, desde as súas primeiras colaboracións, porque xa daquela e estou citando agora un artigo de *El Ideal Gallego* de 1959, escrito en castelán, recorda a Pimentel e Francis

<sup>2</sup> El Correo Gallego, 12-11-1989

Jammes, que o acompañarán ao longo da súa vida como unha referencia constante non só literaria. .

A Pimentel úneo unha amizade nacida na tertulia compartida e no maxisterio literario, pois é el quen lle dá a coñecer as *Elexías Duinesas* de Rilke e a poesía centroeuropea.

Francis Jammes é unha cita recorrente en Manuel María. A influencia do francés na súa obra poética resulta evidente a través de obras como *De L'Angelus de l'Aube à l'Angelus du Soir* (1898) ademáis das *Catorce Oracións* (Espiral Maior, 1994). Nos seus versos están os cantos labregos cos seus días, as súas miserias, seus humildes heroísmos, lonxe das declamacións enfáticas. ¡Que achegado nos parece todo isto do gosto poético de Manuel María, preocupado por expresar tamén os traballos e os días, as cousas elementais e, porén, tan esenciais!. A orixinalidade de Manuel María fica, e igual acontece na obra do poeta de Orthez, no don de penetrar na esencia poética das cousas, así como na capacidade da ollada pictórica que lle permite fixarse nos detalles desas mesmas cousas. A influencia de Jammes está tamén no gosto pola oración como forma poética, na actitude elexíaca que une a ambos poetas, na sensación de dor e nun certo pesimismo.

As homenaxes, os recordos e as referencias de todo tipo aos escritores, aos poetas do país, forman un corpo especial dentro da súa obra xornalística. Recordemos a lembranza sempre acesa de Crecente Vega e Pérez Creus, mantida ao longo de todo o seu traballo xornalístico. Ou Miguel González Garcés, que tivera un certo protagonismo na definición dos poemas de *Terra Chá*, e que nos deixou, como di Manuel María, unha Coruña “fonda, eterna, trascendida: atlántica”<sup>3</sup>. Poetas antigos, galegos e europeos, actuais ou lonxanos no tempo, Espriu, Fiz Vergara Vilarinho, Lois Pereiro, doloroso sentir galego e un canto fondo e necesario fronte á desolación do home e do mundo; Avilés de Taramancos e Xosé María Álvarez Blázquez, e Jaufre Rudel, o trovador, tan querido, namorado dunha princesa só polo que ouvira falar dela, e Aquilino Iglesia Alvariño e Noriega Varela.

E, a carón dos poetas, ocupan o seu lugar tamén os amigos mortos: Uxío, Cuña, X. Casal, R. Patiño, Suso Vaamonde.

## B) A NOSTALXIA DO MUNDO TRADICIONAL

Numerosos son os artigos adicados á perda do mundo tradicional, no seus espazos urbano e rural. Manuel María olla na sociedade galega un obscuro sentimento de destrución que non parece ter remedio.

<sup>3</sup> *El Correo Gallego*: 7-1-1990

É constante o lamento pola perda dese mundo e a crítica pola ausencia de carácter conservador da nosa xente, na liña definida tamén por Manuel Rivas que matiza entre conservadorismo e reaccionarismo, pois como din ambos, na Galiza actual non se conserva a tradición, nin a paisaxe, nin a cultura, nin o idioma. As palabras que fan referencia a oficios tradicionais, traballos e leceres aparecen recollidas, evocadas, escritas desde unha fonda emoción e a firme convicción de que a súa perda empobrece o mundo: Esmelgar, Defuntiños, Outonar. Señardá, forma que prefire a señardade, é unha das máis queridas.

Hai nostalxia, moi presente na súa obra poética aliás, mais tamén elexía ante a consciencia dun mundo que inexorablemente está camiñando cara ao seu fin. Nun fermosísimo artigo titulado “Que trata das chaminés, especialmente das luguesas”<sup>4</sup>, lamenta o abandono e deterioro destas fermosas construcións. Fai unha belísima alusión aos tellados de pizarra, floridos en primavera e a súa fauna, gatos, tribos de paxaros... E de contado introduce unha nota elexíaca: “O lume das vellas lareiras, nas que arderon carballeiras inmensas e grandes soutos de castiñeiros, foi morrendo pouco a pouco”. O seu fume “nacía do lume e era o corazón latexante do fogar. E ao espallarse polo mundo levaba consigo un emocionado tremor humano”. Ese tremor que tamén estaba no toque das horas canónicas que rexían a vida da comunidade humana. Agora “a meirande parte das campanas galegas están mudas”, di en “O toque das campanas”<sup>5</sup>.

As lareiras e as campanas, como espazos significativos dun mundo antigo, fundamente humanizado, de relación social e o café. Lareira e café son espazos que, desde as súas referencias rural e urbana expresan a cultura da palabra, da cohesión social dun pobo.

Xa nun artigo do 10 de xuño do 59, titulado “Sobre los ruidos”, lamenta a gradual desaparición dos vellos cafés para deixar sitio ás modernas cafeterías. No poema “Os vellos cafés”<sup>6</sup>, lembra con nostalxia aquel espazo humanizado, escenario íntimo e rumoroso. En “Lembranza e nostalxia dun café” lamenta a desaparición do “Café Roca” de Vilalba, onde compartira tertulia con Cunqueiro e Fole. A desaparición provócalle un sentimento de baleiro, pois “semella que todo o que é fermoso e útil está destinado a morrer dun xeito prematuro e mesmo antinatural”.

Falamos dos cafés como espazo urbano de cultura, e deberíamos facelo tamén das tabernas. Cunqueiro fixera un esbozo da historia das tabernas galegas e Manuel déixanos a crónica da súa desaparición cunha frase para o recordo: “Os taberneiros significaban o punto de vista da unión entre a *rus* e a *civitas*”. Na crónica de “A Beadense”, a antiga taberna de Compostela que visitara nos anos 50 da man de Aquilino Iglesia, onde logo confesa ter bebido moitas palomitas con vellos santeiros, xastres e homes doutros oficios dos desaparecidos gremios, ou “O Volter” ourensán, a taberna

<sup>4</sup> *El Correo Gallego*: 23-12-1990

<sup>5</sup> *El Correo Gallego*: 13-1-1991

<sup>6</sup> *Versos do lume e do vagalume*, 1982

na que Risco e outros tertulianos foran deixando debuxos, cadros, poemas, esculturas, facendo dela a máis fermosa taberna galega, son ilustres exemplos do retrato delas como espazo humanizado, urbano e xeórxico a un tempo.

O viño é outro dos temas que Manuel María atende en varios artigos, ben sexa para celebrar algún determinado ou para facer crónica e dar noticia das tabernas e do seu mundo. A “Irmandade dos Vinhos Galegos” publicara no 2000 un florilexio de poesía galego-portuguesa adicado ao viño. Desde un verso de Florencio Delgado Gurriarán, Manuel exalta o viño que “pecha no seu ser calor e luminosidade do sol, sempre fonte de vida e alegría”. E remata cunha desas frases afortunadas moi propias del: “A cultura do viño precisa dun noviciado atento e apaixonado como o amor”.

E velái a glosa do italiano *Château-neuf-du Pape*, criado nas ribeiras aviñonesas do Ródano, un príncipe dos viños europeos que era co que Federico Mistral agasallaba aos convidados. Ou do noso Amandi que homenaxea porque “o Amandi a nós nos amistou pra sempre co orden romano” e acrescenta noutro artigo<sup>7</sup>: “O viño, como a lingua propia, é un herdo que nos deixaron os romanos. Se renunciámos a el remátase o mundo, polo menos o mundo noso antergo, purificado, culto”. Así, noutro artigo “A festa do Amandi”<sup>8</sup>, Manuel lembra este viño, un dos seus preferidos, cunha pintura paisaxística evocando da mesma aldea de Amandi.

Tamén os vellos viños de Ribadavia, recordados no marco da súa paisaxe e a música do río Avia. E os viños de Pantón, mansos e humildes, moi compañeiros e amigos do ser humano.

Outro dos temas recurrentes é o das romarías, que se fai ben presente no poemario *Terra Chá* e nos *heterónimos*, de xeito especial en *Ritual para unha tribu, capital de concello*.

O rumor popular das “Feiras” e das “Romaxes” déixanos ver unha visión do mundo e unha forma de entender o significado da propia vida. O poeta é un romeiro que visita as ermidas de Santa Isabel, da Virxe do Monte, de Cela, un romeiro namorado que toma a figura dun labrego que nos beizos leva un cantar.

Manuel María recupera a tradición oral das cantigas de romaría, os acentos neotrobadorescos da “Cantiga da Romaxe de Santa Isabel”, a quen adica varios artigos.

### C) A PAISAXE

En Manuel María temos varias vías de influencia na percepción poética da paisaxe, canto espazo humano e físico. Algunhas aparecen en *Terra Chá* e outras máis tarde, nos anos setenta, en libros como *Laio e clamor pola Bretaña*, ou *Poemas ó outono*. Desde a nosa perspectiva serían o herdo cultural chairego na longa tradi-

<sup>7</sup> *El Correo Gallego*, “Elexía por dúas tabernas monfortinas”: 10-12-1989

<sup>8</sup> *El Correo Gallego*: 8-4-1990

ción popular, rica en cantigas de temas variados, centrados na experiencia da vida rural, os traballos, amores, crenzas, e que o poeta tería aprendido no entorno familiar e labrego. Unha paisaxe domeada pola historia. O paisaxismo de ascendencia rosaliana, especialmente o de *Cantares Gallegos*, achegado ao humano. O intimismo e a paisaxe que ten como círculo máis estreito a casa. Os poetas chairegos: Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño, Antonio Noriega Varela, máis ou menos próximos á anterior. A celebración da paisaxe como íntimo. Francis Jammes e Luís Pimentel.

O descritivismo da paisaxe, nos seus artigos xornalísticos, xamais impide a reflexión intimista. Así acontece en “Caaveiro”<sup>9</sup> onde a evocación do lugar como “solitario e humanizado”, fraga “tan misteriosa e tan amiga do home”, onde fican en estreita relación o divino e o humano.

Ríos, ventos, brétemas, lagoas, árbores e aves, son, para o poeta, elementos esenciais na visión da paisaxe e na súa interpretación. “Todos os poetas teñen un arquivo de ríos, unha biblioteca de nubes e montes e un rexistro de ventos, néboas, brétemas e orballos”, di nun destes artigos.

No artigo “Elexía polas abidueiras”<sup>10</sup>, á par de recordar as utilidades da árbore (zocas, afumar queixos) e da fermosura da súa chama, Manuel María déixanos a súa finura poética nunha prosa que xa é verso, puro lirismo estilizado:

“E onde durmirán agora as flebes e aladas brisas agarimadoras? Onde durmirán os solpores? En que lugares se pousarán as néboas?”

O mesmo acontece no fermosísimo artigo sobre a Serra da Faladoira, onde teoriza sobre os nomes das montañas e das cousas. Manuel autocalifícase como “nominalista rabioso” e di que o nome fai a cousa e mesmo o ser humano. A presenza da súa poesía é constante e o paralelismo estilístico resalta máis unha vez:

“Que ave máxica e maravillosa canta, no Piapaxaro caurelao? Que arquivos de augas e ventos no Xistral?”

Manuel acompaña os seus artigos ao ritmo das estazóns do ano, logrando unha inmersión vital e emocionada, fonda e verdadeira. A exaltación da contemplación da paisaxe para Manuel é algo equiparábel á lectura dun poema, unha audición musical ou a contemplación dunha pintura, dado que son inmutábeis, non así a paisaxe.

O sentimento de perda ao que fixemos referencia, e ao que logo voltaremos, é outra constante da obra xornalística de Manuel. E o lamento pola perda da visión da paisaxe tan enraizada nas nosas letras, unha tradición que nos chega desde os cancioneros até Fernán Vello e outros poetas. É tamén un produto da mudanza dos tempos, da vida cultura urbana que determina outros espazos que o natural. Manuel María teme que as novas xerazóns non sintonicen co entorno e non valoren en profundidade unha paisaxe, e lamenta que os rapaces novos xa non saiban distinguir entre un carballo, un freixo ou un castiñeiro nen escoitar o ruído do vento nen diferenciar os seus matices.

<sup>9</sup> Ver a antoloxía *Andando a Terra* (1977-1987), 1990

<sup>10</sup> *El Correo Gallego*: 29-4-95



## D) A CRÍTICA SOCIAL

Efectivamente, o sentimento pola perda do mundo tradicional, a súa pertenza a unha determinada sociedade, a galega da segunda metade do século XX e os comezos do XXI, non é só materia poética. Repítense a maior parte dos temas tratados na súa poesía social atendendo a ese carácter de urxencia que hai sempre no artigo xornalístico. A crise da sociedade labrega tradicional, a destrución do patrimonio arquitectónico, as agresións bélicas sufridas por pequenos países como Timor, a defensa do idioma e a conciencia do seu asoballamento.

Todo isto que obriga ao poeta a dicir: “temos a impresión de que, dende o ano 1936, estamos a vivir un irracional esperpento trágico. O mesmo que a serie do *Ruedo Ibérico* de Valle Inclán e da *Corte de los Milagros* estase a repetir cunha exactitude arrepiante”<sup>11</sup>

## E) A VIAXE COMO TEMA RECORRENTE

“Os camiños, según os días e as épocas, mudan enormemente”. Nun artigo do ano 1993<sup>12</sup>, “Mínima cavilación sobre o espacio”, Manuel María confesa a súa decidida vocazón viaxeira. Di: “según van pasando os anos, as viaxes agradécense máis. Sirven para rachar a monotonía do cotidiano e para renovarse tanto exterior como interiormente”. E por aqueles días escribe outro no que exalta o pracer da lectura de libros de viaxes en inverno, nun momento en que anda a ler as “Pelegrinaxes” de Otero Pedrayo.

Manuel María é ese viaxeiro asombrado ante o lago de Tiberíades, que no seu arquivo sentimental achega ás lagoas chairegas, o lago de Bouguet de Lamartine, o lago de Bolsano italiano ou a lagoa de Antela. No artigo adicado ao lago Tiberíades<sup>13</sup> cita un poema de Yaquim Lensky, adicado ao lago. É ese afán de humanizar a paisaxe a miúdo a través da obra poética que o leva a identificar ou relacionar un lago con un poeta ou un poema.

Hai un artigo<sup>14</sup> titulado “Que trata de camiños” no que o autor di que “os poetas saben que os camiños teñen unha vida semellante á do ser humano. Todo o que pasa por un camiño queda, para sempre, na memoria do propio camiño”. Xa Teixeira de Pascoães dixera aquilo de “são um velho caminho”. E acrescenta Cunqueiro “os camiños dan as xentes como as leiras dan o pan”.

<sup>11</sup> *El Correo Gallego*, 31-2-95

<sup>12</sup> *El Correo Gallego*, 11-12-1993

<sup>13</sup> *El Correo Gallego*, 22-5-1993

<sup>14</sup> *El Correo Gallego*, 16-6-1991

Cremos que o enorme número de colaboracións xornalísticas e a exuberancia de temas debe ser visto desde unha perspectiva que se fai evidente e cobra verdadeira altura na súa obra poética: a vocación viaxeira do noso poeta. Observemos os contidos, os temas, a calidade da perspectiva. Todo nos remite ao viaxeiro. Manuel María sempre contemplou o mundo como un viaxeiro, mesmo un apaixonado viaxeiro da propia patria, da propia tribo, do terrón de seu. Sería imposible comprender a súa obra literaria sen ter en conta este carácter. Pensemos en *Edipo*, en diferentes libros de poemas, *A luz resucitada*, *O camiño é unha nostalgia*. Na súa obra narrativa; *A tribu ten catro ríos*. O río é unha das claves simbólicas da súa obra.

Hai un desexo, unha vocación de viaxar, de traspasar espazos e tempos, sendo consciente do propio. Hai nostalgia de tempos e lugares idos, mais tamén, si, nostalgia de vivir o presente, en tempo que se fai evidente en moitas ocasións, por exemplo na recreación sentimental das cidades, aínda que noutras ocasións se presente como ferida íntima, ao contemplar a desaparición dun lugar.

Poemas e artigos nos que se expresa a necesidade de percorrer o mundo, nunha peregrinaxe que comeza en Outeiro de Rei, o centro do universo, da tribo, o colo materno, e remata en Fisterra. É dicir, o punto de partida vital e o do regreso. O carácter cíclico da poesía de Manuel María aparece, xa que logo, confirmado. O sentido da obra literaria como vida está tamén implícito. Os demais lugares, Santo Andrés de Teixido, Castro de Viladonga, a Provenza, o Ribeiro de Avia e tantos outros, compoñen unha nomenclatura onde o mítico, a historia e o telúrico achan compenetración e sentido. Xerusalén, Compostela, Florencia ou Braga aparecen como o espazo da historia, da cultura, o grande sino da tribo e da memoria universal.

#### F) O PESIMISMO COMO CONSCIENCIA LÚCIDA OU A LUCIDEZ DO PESIMISTA

Por extraño que pareza nun poeta de activo compromiso político e social, pensamos que o pesimismo ante o país e o seu destino aparece na súa poesía e tamén na obra xornalística, máis sesgado, sen esa claridade, sen a lucidez do verso, da palabra poética.

Un pesimismo que, en Manuel María, xa nos semella actitude ética e estética.

A confesión dos temores e dos sentimentos máis íntimos estará asociada á conciencia colectiva. Como se nada ficara ausente da memoria - “esa ferida que non deixa de escoar”- dirá o poeta con absoluta lucidez.

Por iso inicia un camiño cara a dentro de si mesmo, pois sabemos que quen viaxa procura e quen peregrina aprende, nunha procura labiríntica do Eu. Mais o poeta non é apenas un individuo solitario, mais un ser solidario que forma parte dunha colectividade histórico-social. En *Versos do lume e do vagalume*, insiste no cómputo do tempo gastado, noites, soledades, derrotas, nun ton amargo e pesimista, sempre

presente o laio dunha patria *empobrecida, nevoenta e escura / habitada por desertores e fantasmas* (“Regresos”, I).

Este pesimismo comeza a aparecer na poesía galega actual na obra de poetas dos oitenta, Román Raña, Manuel Forcadela, Ramiro Fonte ou Miguel Anxo Fernán Vello nos seus últimos poemarios, *As certezas do clima*, *Poemas da lenta nudez* e, de xeito decidido, en *Territorio da desaparición*, constituíndo unha das liñas poéticas dominantes na súa obra que xa nos deixaba intuír no anterior *Entre agua e fogo (Cantos da terra posuída)*.

Manuel María conecta con estes poetas, con estas xerazóns, novas nese discurso estremecido, obscuro, como unha poética da desolación e da desesperanza, das interrogantes sobre o destino. O regreso ao paraíso parece coutado ante a realidade da tribo. Un paraíso do que o poeta se acha desterrado.

Os poemarios *Oráculos para cavaliños do demo* (1987), *As lúcidas luas do Outono* (1988) e *Compendio de orballos e incertezas* (1991) afirman a poesía máis pesimista de Manuel María. A incerteza e o pesimismo ante o destino propio e o colectivo, aparecen expresados da forma máis amarga, e mesmo, en ocasións, violenta. Un pesimismo amargo e un acentuado ton elexíaco que probabelmente sempre estivo presente na súa obra: a sensación de derrota ou o peso da dúbida.

A insistencia na visión dunha patria desesperanzada, onde a visión da casa esborallada e sen xente, pechadas as súas portas, é a mesma metáfora do país inhabitado e destruído, onde só “escuridade” e “incerteza” semellan morar.

E nese espazo desolado, onde alenta un ton pesimista, é onde o poeta afirma a súa estética<sup>15</sup>:

“Entendemos que Galiza é unha realidade triste, sumisa, domesticada e desesperanzada na que o único soño posíbel é o da morte, o irse esfiañando pra desaparecer sen mágoa nen gloria”.

Creo que o poeta era consciente do remate dunha forma de vida que el coñecera, ese mundo antigo e humanizado. Tamén do fin da patria e da súa cultura.

## BIBLIOGRAFÍA

- Manuel María: *Obra poética completa*, A Coruña, Espiral Maior, 2001.  
 Gómez Torres, Camilo: *Manuel María, os traballos e os días*, A Coruña, editorial Laivento, 2001.  
 Hortas Vilanova, Manuel: *Andando a Terra (1977-1987)*, Vigo, Ed. A Nosa Terra, 1990.

<sup>15</sup> *El Correo Gallego*, 6-1-1991